


## Comezo da implantación da 4G móbil na banda de 800 MHz: Convivencia TDT e 4G

Unha vez finalizado o proceso do Dividendo Dixital (**liberación da banda de 800 MHz**) os operadores adxudicatarios da devandita banda de telefonía móbil comezaron a implantación da 4G nas frecuencias que antes utilizaba o servizo de televisión.

As emisións de telefonía móbil 4G vanse producir na banda adxacente á de TDT (Televisión Dixital Terrestre), polo que é posible que a recepción do sinal de televisión poida verse afectado nalgúns edificios ou vivendas moi próximos ás estacións de telefonía móbil.



## Beneficios da 4G na banda de 800 MHz

Esta tecnoloxía supón unha mellora na velocidade de Internet en mobilidade, por exemplo, as descargas e subas de vídeos serán moito máis rápidas e proporciona mellor cobertura no interior dos edificios. Ademais a 4G na banda de 800 MHz alcanza maior cobertura xeográfica, polo que mellorará o servizo nas poboacións de menor tamaño e zonas rurais.



[www.llega800.es](http://www.llega800.es)

Contacta con :


900 833 999



## Protección ao cidadán

O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital impuxo obrigas aos operadores móbiles titulares da licenza da banda de 800 MHz (Orange, Telefónica e Vodafone) para garantir que, segundo vaian poñendo en servizo a 4G polo territorio, a recepción de televisión dos cidadáns non se vexa afectada.

Todas as actuacións técnicas necesarias que deben realizar os operadores **non terán custo ningún para os cidadáns.**



## En que consisten as actuacións

A medida que os operadores vaian implantando os servizos 4G nesta banda de frecuencias, deberán actuar nos edificios potencialmente afectados para garantir que as condicións na recepción de televisión non se vexan afectadas e os cidadáns poidan seguir recibindo as canles de televisión en condicións de calidade semellantes ás existentes.

Na maioría dos casos, a actuación consistirá en colocar un filtro na instalación de recepción de televisión (antena).

## Como sei se a miña vivenda está afectada

**1** Os cidadáns que residan en zonas de maior afectación **recibirán unha carta no seu domicilio** onde se os informará de que a partir dese momento poden solicitar a adaptación da antena do seu edificio para evitar as potenciais afectacións.

Para iso debe facer o seguinte:

- Se vive nun edificio colectivo, fale co presidente da súa comunidade de propietarios ou co seu administrador de predios para que contacten co Centro Atención a Usuarios (CAU), a través das diferentes alternativas especificadas ao final deste folleto.
- Se reside nunha vivenda individual, contacte vostede directamente co CAU.



Estas actuacións preventivas realizaranse antes da posta en servizo das emisións 4G na súa zona.

**2** Ademais das actuacións previas, nalgúns casos, poderíanse producir afectacións na recepción de televisión unha vez iniciadas as emisións. Nese caso, os cidadáns tamén poderán solicitar durante un prazo de 6 meses ao CAU que se realicen as actuacións técnicas necesarias para garantir a recepción do servizo de televisión. Estas actuacións tamén serán gratuítas para os usuarios.



Ante calquera dúbida con respecto a este proceso, ou de observar problemas na recepción de televisión, contacte co CAU 900 833 999 ou consulte a páxina web [www.llega800.es](http://www.llega800.es)



**CAU 900 833 999**  
**[www.llega800.es](http://www.llega800.es)**

**Xestión de reclamacións**  
**Garantimos os seus dereitos**

Para garantir os dereitos dos usuarios, o Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital a través da Secretaría de Estado para a Sociedade da Información e a Axenda Dixital resolverá as reclamacións presentadas polos cidadáns contra as respostas e as actuacións que efectuasen os operadores respecto ás actuacións previas e correctivas esixidas.

Para poder reclamar, é necesario que vostede se dirixa previamente ao **900 833 999** ou complete o formulario de reclamacións incluído na páxina web, [www.llega800.es](http://www.llega800.es) e unicamente se, no prazo dun mes, a solución ou a contestación non é satisfactoria ou ben non recibiu resposta, pode poñer unha reclamación durante os 3 meses posteriores ante o Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital. Para informarse sobre aspectos relativos a estas reclamacións, como a documentación que debe achegar ou a través de que vías se poden presentar, pode dirixirse á oficina de Atención ao Usuario de Telecomunicacións, a través dos teléfonos 901 336 699 e 968 010 362 ou da páxina web [www.usuarioteleco.es](http://www.usuarioteleco.es)